PLAN ANUAL ACTIVIDADES 2019

AS BURGAS
ASOCIACION CLUB RECREATIVO

ISO 9001
BUREAU VERITAS
Certification

contido

1. DATOS IDENTIFICATIVOS

2. ESTRUTURA
   2.1 ORGANIGRAMA
   2.2 MISION, VISIÓN E VALORES
   2.3 FINS DA ASOCIACIÓN

3. AREAS DE ATENCIÓN

4. PROGRAMACIÓN DEPORTIVA

5. ACTIVIDADES 2018
   5.1 AS NOSAS ACTIVIDADES
   5.2 ACTIVIDADES CULTURAIS

1. Datos Identificativos

ASOCIACIÓN CLUB RECREATIVO AS BURGAS
CIF: G320093018
SEDE SOCIAL E DIRECCIÓN ADMINISTRATIVA:
RÚA DAS BURGAS 10
32002 A VALENZA. BARBADÁS. OURENSE

Inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións con data 20/02/1975 e co número 116.
Inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servicios Sociais (RUEPS) con data 16/06/1994 e co número S-276.
Membro numerario de Plena Inclusión.
Membro da Federación de Asociacións a favor das Persoas con Retraso Mental de Galicia (FADEMGA) Plena Inclusión Galicia
Membro Fundador da Asociación de País, Profesionais e Amigos das Persoas con Discapacidade Intelectual Special Olympics Galicia.
Declarada de Utilidade Pública ó 3 de Xuño de 2015 pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

Estrutura

2.1 Organigrama



2.2.MISIÓN, VISIÓN E VALORES

A Asociación Club Recreativo As Burgas é unha entidade que agrupa a país e familiares de persoas con Discapacidade Intelectual. Declarada de Utilidade Publica ó 3 de Xuño de 2015 pola Xunta de Galicia.
O noso fin último é lograr unha maior e mellor calidade de vida das persoas con Discapacidade Intelectual, tomando como referencia os principios de normalización, autodeterminación e integración social. Formamos parte do movemento asociativo articulado na nosa CCAA entorno a FADEMGA Plena Inclusión Galicia e pertenecendo no ámbito estatal a Plena Inclusión España.

A NOSA MISIÓN

Contribuir, dende o noso compromiso ético, con apoios e oportunidades, a que cada persona con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento e a súa familia podan desenvolver o seu proxecto de calidade de vida, así como promover a inclusión como cidadáns de pleno dereito nunha sociedade xusta e solidaria.

A VISION

Pór os medios necesarios para que no día a día se revitalice o compromiso con cada Persoa con Discapacidade Intelectual e a súa familia, nun proceso de mellora continua, aberta os cambios, que promovan a inclusión social e a normalización e prestar servizos integrais e de calidade, de forma cohesionada e coherente coa nosa misión.

VALORES

Os valores nos que se sustenta o desenvolvemento de tódalas actividades son os siguientes:

• Reivindicación: Defensa dos dereitos fundamentais e individuais das personas con Discapacidade Intelectual e as súas familias.

• Dignidade/Respeito: Recoñocemento da persoa, tolerancia, discreción.

• Proximidade: Afabilidade, cercanía, empatía, calidez, escoita, paciencia, sensibilidade, sentido do humor, fidelidade, compromiso e implicación.

• Honestidade: transparencia, eficiencia, uso responsable e equilibrado na distribución dos fondos.

• Calidade: mellora continua, eficacia, atitude de aprendizaxe, innovación, tradición.

• Participación do persoal e voluntariado: comprometemonos a fomentar a súa formación, motivación e a recoñecer o seu traballo.

CÓDIGO ÉTICO

A ASOCIACIÓN CLUB RECREATIVO AS BURGAS está adherida formalmente o Código de Ético de PLENA INCLUSIÓN ESPAÑA. Dito código aplicase en tódolos servizos que esta Asociación presta. Do mesmo xeito , a ASOCIACIÓN CLUB RECREATIVO AS BURGAS asumíu o compromiso de canalizar as demandas éticas non resoltas, no seo da entidade, ao Comité de Ética estatal ou , no seu caso, os autonómicos, si PLENA INCLUSION así o regulamentase.

2.3.FINS DA ASOCIACIÓN AS BURGAS

Defender a dignidade e os dereitos das persoas con Discapacidade Intelectual.

Apoiar as familias para conseguir mellorar as condiciones de vida das Persoas con Discapacidade Intelectual.

Promover a integración escolar, laboral e social das Persoas con Discapacidade Intelectual .

Crear as condiciós para que os servizos que presta a Asociación podan cumplir axeitadamente a misión.

Promover as actitudes sociais positivas cara as persoas con Discapacidade Intelectual.

Orientar, coordinar e impulsar o movemento asociativo integrado na Asociación con criterios de solidariedade.

Reunir e difundir información xeral e especializada sobre os problemas da Discapacidade Intelectual.

Representar os socios no ámbito de Fademga Plena Inclusión Galicia, Plena Inclusión e en todos aqueles foros ou Entidades que sexan de interese para o cumplimiento dos fins da Asociación.

Calquera outro que, de xeito directo ou indirecto, podan contribuir o cumplimiento da misión da Asociación e do movemento asociativo, ou redundar no beneficio das persoas con discapacidade intelectual ou das súas familias.

A Asociación asume como propios, os principios e valores que defenden o movemento asociativo PLENA INCLUSIÓN, a consideración da persoa con discapacidade intelectual como suxeito de dereitos e deberes, a importancia das familias, a calidade total na actuación das organización e o interés por tódolas persoas con discapacidade.

Areas de Atención

Dentro da programación que a Asociación Club Recreativo As Burgas establece ó longo do ano, marca unha diferenciación entre a Programación do Taller Ocupacional, e a programación do PAI (PLAN DE ATENCIÓN INDIVIDUALIZADO) de cada un dos usuarios, así como do resto de actividades que se desenvolven posteriormente.

En relación a programación dos Talleres Ocupacionais, as actividades que se organizan están vinculados coa a carga de traballo, así como a demanda que teñan os talleres. Por tal motivo os talleres convirtensen nun elemento troncal a ter en conta o longo do ano.

TALLERES OCUPACIONAIS:

- TALLER DE SERIGRAFIA
- TALLER DE TRANSFORMACIÓN DO PLASTICO
- TALLER DE TROQUELADO DO COIRO
- TALLER DE MANIPULADOS

O mesmo pódese dicir da Programación que establece a Asociación e o seu Equipo Interdiscplinar con respeito os Talleres que se desenvolven a partir do PAI (PROGRAMA DE ATENCIÓN INDIVIDUALIZADO) de cada un dos usuarios. Estes talleres, que por lóxica son troncais, combínanse cos Talleres Ocupacionais e favorecen que os usuarios fluían dun taller a outro evitando a monotonía, o cansancio e a apatía



Programación Deportiva

O Programa Deportivo desenvolvese dacordo ó Programa de Special Olympics Galicia, onde os nosos deportista cumplen co lema que se marcou para este tipo de competición: <u>Quero gañar pero se non o consigo deixadame ser valiente no intento.</u>

O través do Programa Deportivo o que pretendemos é a inserción social das persoas con Discapacidade Intelectual mediante a practica deportiva, o través o adestramento, a competición, así como o ocio e /ou calquera outra actividade.

Actividades autonómicas

XOGOS DE DEPORTES MINORITARIOS. 09 DE MARZO / CON ELES / VILAGARCÍA.

XOGOS DE ATLETISMO. 06 DE ABRIL / ASPAS/ SANTIAGO

XOGOS DE BALONCESTO. 27 DE ABRIL / SAN FRANCISCO/ VIGO

XOGOS DE CAMPO TRAVÉS E PETANCA. 04 DE MAIO / CAPD SARRIA

MARATÓN URBANO. 8 DE XUÑO/ ASPRONAGA/ OLEIROS

MARCHAS CICLISTAS UNIFICADAS. OUTUBRO/ SEN CONCRETAR

XOGOS DE FUTBOL SALA . 19 DE OUTUBRO / AS BURGAS / OURENSE

XOGOS DE NATACIÓN. 09 DE NOVEMBRO / SAN VICENTE / LUGO

XOGOS DE BALONCESTO. 10 DE NOVEMBRO / EU SON / BURELA

Outras actividades

ENTREGA AGASALLOS TARXETAS DE NADAL. 30 DE XANEIRO/ SANTIAGO

XORNADA DE TÉCNICOS DEPORTISTAS E VOLUNTARIOS. 23 DE FEBREIRO/ GALICIA

CONVIVENCIA FAMILIAR. 7 DE XULLO/ ASPADISI / CARBALLIÑO

REDE DE ARTES ESCÉNICAS. TODA A TEMPADA / GALICIA

CERTAME DE TARXETAS DE NADAL. NADAL 2019

No resto de actividades que organiza Special Olympics Galicia, a Asociación Club Recreativo As Burgas, participa no Certame de Tarxetas de Nadal, na Xornada de Técnicos , deportistas e voluntarios, na Convivencia Familiar, así como nas Ligas de Fútbol Sala. Non participamos, por que non temos un grupo de teatro, pero sí que asistimos as representaciones das obras de teatro das diferentes Asociacións.



LINGÜE
ASPI NAS
MONDARIZ

XUNTA DE GALICIA
PRODEME
PADEDE
Fundación MAPFRE
Kalenji

ACTVIDADES DEPORTIVAS NA ASOCIACIÓN

Na Asociación Club Recreativo As Burgas independientemente da nosa participación nos Xogos Autonómicos organizados por Special Olympics Galicia temos programadas as seguintes actividades:

Adestramento de Natación: tódolos Martes e Xoves.

Adestramento de Fútbol Sala: Luns.

Adestramento de Baloncesto: Mercores.

Ximnasia de Mantenimiento: Luns e Venres.

O que pretendemos é o fomento do adestramento como un medio necesario para o fomento das actividades deportivas, cun fin rehabilitador e terapéutico, con este obxectivo podemos mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual.



AS NOSAS ACTIVIDADES

As Nosas Tradicións

Uns dos obxectivos que se planteou a Asociación Club Recreativo As Burgas é que as persoas con Discapacidade Intelectual coñezan e comprendan a cultura da sociedade na que viven e que asuman o papel de dinamizadores, en certo modo, que forman parte do noso acervo: as tradicións. Moitas delas forman parte da nosa cultura popular, e a súa vez vannos permitir dende a Asociación fomentar o desenvolvemento das competencias necesarias para poder participar dun xeito integrador na súa contorna.

Dende a Asociación pretendemos fomentar a elaboración dos materiais necesarios para a celebración das distintas manifestacións culturais. Os materiais que se usan na maior parte das ocasións son elaborados polos propios participantes.

As actividades programadas para este ano son :

Entroido: (Nas semanas previas elaboránse os disfraces e o venres previo levase a cabo un desfile polas rúas de A Valenza, facendo participe a comunidade. Para nós é un elemento integrador coa contorna onde nos atopamos.

Día do Pai : Esta celebración, a pesar de que é comercial, queremos darlle un protagonismo os pais e familiares dos nosos usuarios, e por tal motivo elaborase por parte dos usuarios un pequeno agasallo para o seu familiar.

Día da Nai: neste caso, prepramos un pequeno agasallo feito polos usuarios.

Día das Letras Galegas. Celebramos un día de festa para exaltar a nosa lingua común. Preparamos un díptico sobre o escritor o que se adica cada ano e o propio día celebramos unha xornada de exaltación mediante: videos, lectura de poemas ou das obras do autor en cuestión. Este ano: Antón Fraguas.

San Xoan, celebración mariñeira por excelencia pero que tamén se celebra no rural do interior de Galicia.

Festa Fin de Curso.

SAMAIN, tradición celta , que se volveu a recuperar dende fai anos motivada polo auxe do HALLOWEEN .

MAGOSTO . Esta festa é propia da cidade de Ourense, coincide coa Festividade de San Martiño, patrono da nosa cidade e onde son protagonistas: a castaña e os bolos preñados. Coa festa, elixímos o Mozo e a Moza do Magosto

Nadal: nos días previos, preparamos as tarxetas de Nadal e facemos unha pequena representación con baile incluido

ACTIVIDADES CULTURAIS

O ocio é un dereito humán fundamental que favorece o desenvolvemento persoal e social das persoas e no que ninguén debería ser privado por razón da súa discapacidade. É un medio esencial para conseguir o benestar emocional, o desenvolvemento das relacións interpersoais, fomentando a inclusión das persoas con discapacidade na súa propia contorna. É desexable potenciar tódalas habilidades que faciliten a persoa con discapacidade poder disfrutar o máis autónomamente posible do seu tempo libre.

Por tal motivo desenvolvemos un elenco de actividades o longo do ano.:

14 de Marzo: EDAR OURENSE
11 DE ABRIL : MUSEU DA MARIONETA (LALIN)
25 DE ABRIL: MUSEU DO XOGUETE E BOSQUE O REIXO
27 DE XUÑO: GRANXA ESCOLA DE VILAMARIN
08 DE MAIO: PARQUE ARQUEOLÓXICO DE CAMPO LAMEIRO (PONTEVEDRA)
EXCURSION ANUAL-MAIO: PENDENTE CONFIRMAR DATAS.
29 DE MAIO: PARQUE DOS SENTIDOS E MUSEU NAVAL DE MARIN (PONTEVEDRA)
13 DE XUÑO: MUSEU DE HISTORIA NATURAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
04 DE XUÑO: MUSEU DO MAR DE VIGO
OUTUBRO: VISITA CONCELLO DE OURENSE. PENDENTE DE CONFIRMAR DATA
NOVEMBRO: MUSEU DO AUTOMOBIL ESTALISNAO REVERTER. SANTA CRUZ DE ARRABALDO (OURENSE) PENDENTE DE CONFIRMAR DATA.

OUTRAS ACTIVIDADES:
A Asociación Club Recreativo As Burgas, considera necesario que os usuarios que se atopan no Servizo de Residencia teñan oportunidades para aproveitar o seu tempo mediante varias opción e tipos de ocio, realizando actividades inclusivas, favorecendo o seu desenvolvomento persoal, fomentando as relacións interpersoais, a súa autonomía, independencia e autodeterminación, coa finalidade da satisfacción e o pracer de cada persoa.

STATUE OF LIBERTY
MARCOS
LOPEZ
LIBERTAD

Asociación Club Recreativo As Burgas

Rúa das Burgas, 10 A
Valenza. Barbadas
OURENSE

Telefono: 98233082
Fax: 988269817
Mai:
asburgas@acrasburgas.com
Página WEB:
www.acrasburgas.gal

AS BURGAS
ASOCIACION CLUB RECREATIVO

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Fundación ONCE

Concello de Barbadás

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA